



Estimados veciños e veciñas:

Un ano máis, Oroso convértese no centro de atención durante o mes de maio. A XXIII Festa da Troita é unha cita consolidada no calendario turístico galego e peninsular, que este ano será os días 10, 11 e 12 de maio.

Cúmprese ademais dez anos desde que a nosa gran cita para a gastronomía e a diversión foi declarada Festa de Interese Turístico, un recoñemento que chegou grazas a todos vos. Non é posible que unha celebración acade o prestixio da Festa da Troita se non é pola colaboración veciñal, polo agarimo con que tratades a todos os visitantes que eses días pasan polo noso concello.

Como vén sendo habitual nos últimos anos, máis de 30.000 persoas pasarán polo concello a degustar o manxar dos ríos e a desfrutar do noso patrimonio histórico e paisaxístico. Pero o máis importante será que marchen de Oroso coa sensación de pasar unhas horas nun lugar amigo e acolledor, algo que non sería posible sen a vosa axuda. Grazas.

Oroso é natureza, gastronomía e hospitalidade, o concello dos seis ríos é un lugar de parada no Camiño Inglés a Compostela. Sempre é un bo momento para saborear a troita e pasear polos sendeiros naturais do municipio, pero como ben sabedes a Festa da Troita é moito máis: haberá música de día e de noite, artesanía, cultura, animación de rúa e actividades para todas as idades.

No amplo programa deste ano, hai espazo como sempre para comer, rir, bailar, mercar produtos da zona e pasalo ben. Como non podía ser doutra maneira, as degustacións de troita e o tradicional xantar popular o domingo 12 de maio serán os pratos fortes da festa.

Neste 2019, o pregón correrá a cargo do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, que porá o broche final a tres días de gastronomía, deporte, cultura e música coas tradicionais verbenas populares a cargos das mellores orquestras do momento, bandas de música e charangas pola rúa. Tamén haberá atraccións para os máis pequenos e moi bo ambiente.

Como podedes imaxinar, detrás dun evento deste tipo hai moitas horas de traballo e esforzo. Como cada ano, quero lembrarme de todos aqueles e aquelas que colaboran no éxito da Festa da Troita: o persoal do concello, o equipo de goberno, os establecementos de hostalaría, Protección Civil, Garda Civil, músicos invitados, pescadores e expositores.

Xa temos todo preparado e agora só queda pasalo ben. Coa satisfacción do interese que a festa provoca fóra da nosa provincia e de Galicia, só quero incidir no meu agradecemento a todos vós, veciños e veciñas de Oroso, por ser quen de poñer o concello no mapa. Grazas por esta maravillosa Festa da Troita e a desfrutar!

Manuel Mirás  
Alcalde de Oroso



## Organiza



www.concellooroso.com

## Colaboran



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

//ABANCA



FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA

# XXIII FESTA DA TROITA 2019

## PROGRAMA



MÚSICA



GASTRONOMÍA



CULTURA



DEPORTE



# XXIII FESTA DA TROITA

2019

## PROGRAMA

### VENRES 10 DE MAIO

22:30 h **FESTIVAL OROSO EN VIVO**  
Alameda de Góis  
**Orquestra PANORAMA**  
**Orquestra IBIZA**

### SÁBADO 11 DE MAIO

9-13 h **Campionato de Pesca Adultos/as**  
11:30-13 h **Obradoiros Infantís**  
Praza de Isaac Díaz Pardo  
12 h **Inauguración exposición Son de Campo Mulleres Rurais, comercio local e postos de artesanía**  
Arredores da Praza de Isaac Díaz Pardo  
12 h **Charanga Os Atrevidos**

16-20 h **Campionato de Pesca Adultos/as**  
18 h **Asoc. folclórica Lembranzas do Tambre**  
Praza de Isaac Díaz Pardo  
19:30 h **Asoc. cultural Néboas no Cumio**  
Praza de Isaac Díaz Pardo  
22:30 h **FESTIVAL OROSO EN VIVO**  
Alameda de Góis  
**Orquestra OLYMPUS**  
**Orquestra FINISTERRE**

### DOMINGO 12 DE MAIO

09:30-13 h **Campionato de Pesca Infantil**  
10:30 h **Pasacalle coa charanga Os Celtas**  
12 h **Banda de música de Arca**  
Praza de Isaac Díaz Pardo  
12:30 h **Barafunda animación de rúa Troita e pescadores**  
13 h **Pasacalle e actuación Agrupación Folclórica Buxos Verdes**  
Alameda de Góis e arredores  
13:30 h **Pregón popular a cargo de Antonio López Díaz, reitor magnífico da USC**  
**Entrega de premios e trofeos do Campionato de Pesca**  
Alameda de Góis

14:15 h **Sesión vermú**  
Alameda de Góis  
**Orquestra PRINCIPAL**  
14:30 h **Degustación**  
Carpa da alameda de Góis  
19:30 h **Verbena**  
Alameda de Góis  
**Orquestra PRINCIPAL**  
**Orquestra GRAN PARADA**

### BARES PARTICIPANTES NA FESTA DA TROITA 2019

ANBORE COFFEE BAR	CAFETERÍA RESTAURANTE VDA. DE NOUCHE
BAR A RUTA	CERVECERÍA 1900
BAR BOQUETE	MESÓN OS MADEIROS
BAR FAMELGA	MESÓN TAMBRE
BAR FERNÁNDEZ	O CAFÉ DE MANUELA
BAR GOROS	PARRILLADA AS VIÑAS
BAR NOVA XEIRA	PARRILLADA CACHOPAL
BAR O CAMPO	PARRILLADA SEOANE
BAR O CAZADOR	PULPERÍA MESÓN AS RÍAS
BAR RINCÓN DE MARÍA	RESTAURANTE A CANTINA
BAR SIGÜ	RESTAURANTE BALASAR
BAR TAPAS	RESTAURANTE CORTÉS
BAR XQ NO?	RESTAURANTE OS MARIÑOS
CAFÉ BAR 1X2	RESTAURANTE MIRÁS
CAFETERÍA 6 RÍOS	SIGÜEIRO HOSTEL
CAFETERÍA CHE	VINOTECA RAQUEL
CAFETERÍA D'VILA	

